# A Voz das Dunas

Nº 2 - Maio de 1.995 - Equipo de Normalización Lingüística do C. P. de Olveira

17 de maio - Día das Letras Galegas

O galego

Non é un deporte, non xogues con el.



MÓNICA - 8º

1.995 Rafael Dieste

NOTICIAS

LENDAS

CONSELLOS

CONTOS

ESTE ANO "A VOZ DAS DUNAS" VÉN CON MÁIS SORPRESAS QUE NUNCA.

POESIAS

ADIVIÑAS

REFRÁNS

PASATEMPOS...

E MOITAS COUSAS MÁIS.

## MES DE ANTIGÜIDADES NO COLEXIO.

Este mes de maio, vai ser antigo para o colexio público de Olveira, xa que os compoñentes de Normalización Linguística propuxeron este ano reunir antigüidades. Foi organizado para conmemora-lo día das letras galegas.

Consiste en poñer no terceiro piso do colexio, as antigüidades para lle mostrar a xente nova as cousas da xente vella.

Cada un dos alumnos do colexio público, puxo o seu gran de area para poder face-los estudios de cousas tan curiosas como pedras do paleolítico, espigas raiñas, candís...

Agradecémoslle as boas persoas que axudaron a mante-lo espíritu galego e xa saberedes que estades ~~todos~~ convidados para vere as cousas vellas anteriormente faladas. Un cordial saúdo:

Redacción do periódico

"A VOZ DAS DUNAS"




MANOLA - 7º

# OS LADRÓNS NO RECREO

Por marzo nun recreo houbo un roubo a tres rapaces desta escola. Roubaron duas calculadoras valoradas en nove mil e cinco mil pts, tamén roubaron unha traductora de cinco mil pts.

Despois desto os profesores puxeron unha norma, pois que no recreo non se pode subir ás aulas, pero ten un pequeno problema, que cando colles un libro na biblioteca non podes leva-lo para arriba.

Pero esperemos que non haxa máis roubos na escola, e haber si se encontran ó ladrón/s cas correspondestes cousas que roubaron.

Eduardo Ayaso Sobrido 8º

# A MIÑA NAI DO CEO

Ainda que pequeniño seña,
teño un corazón grande,
que lle regalo eu, hoxe,
a miña primeira nai.



A ela quérolle moito,
e lle adico
estes versos
con moito amor.

¡Miña nai do ceo,
axúdame a ser bó!
Recibe como agasallo
o meu corazón.

Jose Luis Muñiz Brión
1º de Primaria
Colexio de Olveira

# O mes de maio

xa estamos en maio
e gústanme os paxariños
e as flores do campo
e as árbores cheas de follas.

Eu paseo polo campo
mirando moi contenta
toda a paisaxe
que ven os meus ollos.

gustame escoitar
os cantos dos paxariños
e tamén os grilos
e tamén as rás.

Xa estamos en maio
e para que todos
esteñamos ledos
xa saíu o Sol.



Elisa Pouso Martínez
1º Primaria
Colexio de Olveira

# A SIDA

A sida é unha enfermidade que existe e é mortal.

Sida significa: Síndrome de Inmunodeficiencia Adquirida.
Como xa sabedes, que houbo unha campaña contra a sida tamén chamado VIH.

¿Onde apareceu? En Centroáfrica, na década dos 70. O VIH emigrou ó Caribe no organismo de persoas infectadas que se trasladaban alí por razóns laborais.

Mentras os caribeños emigraban a EE.UU., onde para sobrevivir, vendían o sangue que en moitos casos conteñe VIH.

Os investigadores Luc Montagnier do Instituto Pasteur de París e Robert Gallo do Instituto Nacional do Cancro de EE.UU., descobren que a sida débese ós efectos que provoca no organismo o VIH; isto ocorreu en 1983. Trátase dun virus de forma redonda, con ARN como código xenético e de acción lenta. Os seus efectos non se manifestan inmediatamente.

O primeiro caso de sida de España notificouse en Barcelona
En Galicia foi en Pontevedra no ano 1984.
En 1985 descóbrese a forma de detecta-lo síndrome cunha simple analise de sangue.

Por agora non existe un medicamento capaz de facer desaparece-lo VIH do organismo. O ATZ e o ddl son medicamentos antivíricos usados actualmente para entorpece-lo

desenvolvemento do VIH.

O organismo non pode coa sida porque o VIH, logo dun período de adormecemento máis ou menos longo no interior dos linfocitos T4 (glóbulos brancos coordinadores do sistema inmunolóxico), reprodúcese neles destruíndoos. O sistema inmunolóxico sen as células faise incompetente, deixándonos expostos a graves infeccións e cancros.

¿A sida pode transmitirse mediante a saliva?
¿É posible contaxiarse na vida normal na rúa?
¿Nas praias ou nas piscinas? ¿Transmítena os mosquitos ou obxetos?

NON

Transmítese, nas relacións sexuais, no sangue, e tamén en menor medida, no leite materno.

Agora que sabedes todo esto, espero que para o día de mañá vos valla para algo.
Por hoxe nada máis.

Vanesa Vázquez Fernández 7º

# A BAILARINA DESPISTADA

Había unha vez unha bailarina moi despistada.
Polo almorzo comeu unha pelota, cando
foi para ensaiar bailou cunha cadela, así
que non me digades que non é despistada.
Pero ó bailar co cadela dou un croque na
cabeza e fixo recuperar a memoria e
dende aquela vive feliz.



Estefanía Ramos 2º

# A nena que saíu dun ovo de dinosauro.

Hai moitos anos, cando vivían os dinosaurios, dun ovo de dinosaurio saíu unha nena chamada Achazo. Ela naceu no ano... Eu que sei que ano era. Naceu do ovo da dinosauria "tiranosaura rex". Un bo día un rapaz chamado Xulio chegou a esa terra. A nena nada máis velo namorouse del. El tiña o pelo loiro e tiña os ollos azuis. O rapaz viña en busca dun tesouro. El tiña un mapa e o mapa tiña unha cruz que sinalaba o tesouro. O rapaz mirou por tódolos sitios pero o tesouro estaba detrás dunhas rochas moi grandes. Alí estaba a rapaza. Había un dinosaurio que gardaba o tesouro, e díxolle ó rapaz:

-¿Que ques? ¿Ques o tesouro? -Si, respondeulle o rapaz.

-Entón tes que pasar por unha proba: tes que conquistar a milla filla.

Pero como a filla xa estaba namorada del, pideulle si quería casar con ela. O rapaz contestoulle que si. -¿Cando casamos? -Mañá mesmo.



Tamara 3º

## NOTICIA

O outro día apareceron nunha leira unha parella de alavancos que hai anos que non os vemos.

### Alavanco real

(Anas platyrhynchos)

Deste pato, que é o máis abundante na nosa terra, derivan os patos domésticos.

O macho recoñécese polo seu peteiro amarelo, a súa cabeza verde, o seu peteiro ferruxento e unha mancha violeta verdosa na metade de cada á; tamén é indentificable por ter dúas plumas revirichadas na cola e un colar blanco no pescozo. A femia, coma as máis das femias dos distintos patos e parrulos, é acastañada con pintas máis escuras. Esta librea sérvelle para que non reparen nela cando está no niño.

Habita nas zonas húmedas, tanto da beiramar coma nos embalses e ríos. Fai o niño preto da auga doce entre xuncos, canaveiras e aínda toxos; nel pon de 7 a 16 ovos que a femia choca durante 28 días. Os pitiños a pouco de naceren abandonan o niño e seguen á nai que os leva cara a auga onde estarán seguros, pois anque aínda tardan en voar, xa nadan e se amergullan perfectamente ó menor sinal de perigo. Se algún animal ou persoa escorrenta á femia cando está no niño, antes de voltar a voar tapa con herbas ou plumas os ovos para que non sexa doado o

descubrirlos, así como para que non arrefezan.
É moi fermoso ver nos nosos ríos pasar en ringleira á nai pata cos patiños detrás. Convén sinalar que as femias volven a criar ó seu lugar de orixe, polo que deberían ser respetados polos cazadores.
Polo inverno agrúpanse con patos da súa e outras especies. O seu número é variable xa que axiña pode aumentar co tempo frío como disminuir co bo.

Outros nomes que recibe son:
- Pato real.
- Azulón
- Lavanco



ALAVANCO REAL

AL[redacted]ARO 8º

# A primavera

Na primavera hai sol,
Campo mariposas.
Hai flores e coellos,
Hai árbores.
Hai xente paseando polo campo.
Está bo tempo.
¡ hai sol !

Fran, 3º curso



# AS FLORES



As flores son fermosas,
as flores son bonitas,
as flores son alegres:
rosas, caraveles, margaritas.

As flores son moi boas,
as flores son douradas,
as flores son moi suaves,
¡As flores encarnadas!



Mercedes 3º

# O MEU PRIMEIRO CASO.

Eu son Alexandre, investigador privado. Véñovos a contar unha historia. O meu primeiro caso:

Isto ocorreu un día de choiva. Eu estaba sentado no meu despacho, dando voltas na miña cadeira xiratoria. Era o meu primeiro día que exercía como dectetive. ¿Sabedes porque quixen ser dectetive? Sempre de pequeno me gustaba xogar cos meus amigos... pero isto xa é outra historia.

Ben, como vos dicía, estaba sentado. Cando de repente abriuse a porta. Vaia, vaia ... a miña primeira cliente nin alta nin gorda, máis ben tirando a delgada.

Díxenlle:

- Séntese. ¿Que lle trae por aquí? Antes de que me diga nada debo advertille que son novo no oficio e non sei se lle poderei axudar. - Ela díxome:

- Seíno, quero que investigue un roubo de xoias, moi valiosas.

- Moi ben, dígame ¿como se chama? - Ela díxome:

- Iso non importa, encontre as xoias. Pagareille todo o que me pida. Aquí ten o meu teléfono. Teño unha lixeira idea de quen puido ser, pero non o podo desenmascarar sen a súa axuda. ¡por favor! Atópeas, son demasiado valiosas. Mire na rúa do Tabeirón. Alí é onde se atopan os ladróns das xoias. - Iá marchar pero díxome - Non o olvide. - Pero antes de que ela

poidese saír pregunteille:

-¿Por qué me escolleu a min? -Ela revirouse, e díxome:
-¿Por qué ía escoller a outro? -Eu díxenlle:
-Porque teñen máis esperencia e eu son novo nisto.
-Ela marchou sen dicir nada, calada e deixándome en dúbida. Na miña cabeza pensaba un "porqué, porqué".

Pero deixeino, non podía perder tempo. Saín do meu despacho, baixei as escaleiras correndo, non podía perder nada de tempo. Tiña que atopalas. Collín un taxi, e o taxista levoume a rúa que eu quería. A rúa do Tabeirón. Alí, según me dixo, era onde se xuntaban todos. Tiña que atopalos, ou atopalo.

Subín as escaleiras de incendio dun piso, e mirei pola ventá. Alí había xente, como se di... extraña non. Saíron da habitación e puiden colle-lo colar, abrindo a ventá. Marchei tan rápido como puiden.

Ó volver ó meu despacho atopei a muller. Os cartos estaban sobre a mesa.
Sacoume o colar das mans e marchou. Que muller máis extraña... Aínda agora que teño moita experencia pregúntome porque o facía...

Vanesa Vázquez Fernández 7º

A flor, o sol, o mar,
o vento e a nube.

A flor soñaba
coas abellas.



O sol soñaba
coas estrelas.



O mar soñaba
coas gaivotas.



O vento soñaba
que xogaba con elas.



A nube soñaba
co algodón.



¡Que bonitos
os soños son!

Lourdes

4º curso

# SOL SEN LÚA



Non hai día sen sol,
nin noite sen lúa
nin palabra sen vocal
nin nemo sen cuna.



"O día das letras galegas
é un día moi fermoso.
Elas están moi ledas
e nós moi desexosos.
E para celebralo
debemos todos de acompañalo
con un libro fermoso."



María José
Dominguez y Pena

(4º curso) 

Poesía de Víctor Vaqueiro:



- Artigo femeino: 
- Capital Galega: 
- Capital Española: 
- Capital Cubana: 
- Apelido do Autor da poesía: 
- País situado ó Norte de España: 
- ¿Calzas? 

Marcos Antonio Romay Pérez 8º






Mª JOSÉ - 8º

# A estreliña feiticeira

Había unha vez unha estreliña,
unha estreliña no ceo,
que estaba namorada dun peixe,
que se chamaba Varela.
Ela moi presumida,
porque a viu Varela,
brilla moito na noite
para ver se se namorada dela.
A estreliña cos seus feitizos,
echizou de amor a Varela.
¡Ese amor é imposible!
Ae dicían os ourizos,
¡Pero volveuse toliño por ela!
Pero había un enorme dilema,
e que estaban moi separados,
que tamén era un problema
xa que estaban namorados.
E, unha noite a estreliña,
tirouse de colera ó mar.
¡Pero afogou!
E Varela morreuse de pena,
pois ela non sabía nadar.

José Manuel Domínguez Pouso.
5º

"Pensando no meu mozo"

Estou soa no meu dormitorio
pensando no meu mozo,
non sei que vou facer.
¿Que farei
si él me deixa?
¿Que farei
se non pensa en min?
¿Que farei
se me engana?
¡Xa sei que vou facer!
¡Vou darlle coa porta nos fuciños!

Eva Mª Ares Pillado
5º

Poesía.

Un, dous, tres,
o gato está ó revés.
Catro, cinco, seis,
voan as pombas e choveu.
Sete, oito, nove,
no campo choveu.
Nove, nove, dez,
¡Volvemos a empezar!

Mª Elena Oleira Alcalde.
5º

# Rimas

## Os profesores

- A señora Marisa
ten unha camisa.

- A señora Rosa
está sentada na piollosa.

- O señor Director
ten moita dor.

- O señor Xosé Xoán
cortoulle as orellas o can.

- A señora Margarita
ten unha pita que se chama
Xoanita.

- O señor Miguel
comeu o papel.

- A señora Xoaquina
metuse na vitrina.

- O señor Dositeo
comeu pan de centeo.

- A señora Lolita
xogou a cega pita.

- O señor Manolo
quedou solo.

- O profesor de ximnasia
ten moita gracia.

- A señora Ofelia caeulle
un dente porque era vella.

María José Santos De Oliveira 7º Curso



Mº DO MAR - 7º

"Un rapaz misterioso."

Unha noite estrelada veuse baixar unha nave espacial. Aterrizou num monte moi grande e veuse un extraterrestre. Para pasar desapercibido tiñase que meterse dentro dun corpo terrícola.

Un rapaz que estaba por alí, foi mirar que había. Pero cando meteu a cabeza ¡Zas!. O extraterrestre introducíuse no corpo do rapaz.

O rapaz sinteuse extraño e foise para a súa casa. Meteuse na cama e quedouse dormido.

A mañá almorzou e foise para a escola.

O extraterrestre que estaba no seu corpo manexaba o rapaz. Así que o extraterrestre mandoulle ir a un laboratorio que había alí na cidade.

O profesor Pepe enterouse que o rapaz tiña un extraterrestre. O profesor mandoulle beber o rapaz unha poción e ¡Zas! e sae o extraterrestre do corpo do neno, e o extraterrestre morreu cun raio desintegrador.

O rapaz foise para escola e doulle as gracias ... o profesor.

Cando despertou douse conta que era un soño.

Roberto Camiña 5º

# UN NOVO RAPAZ

Había unha vez un rapaz chamado Richard que sempre lles pegaba e molestaba a tódolos compañeiros. Cando era de xogar a fútbol el quería ser o capitán. Un día apareceu un rapaz chamado Xulio do que se namorou Lourdes. Xulio non lle facía caso. Por fin alguén conseguiu que Richar parase de molestar

Andres. M. García. F.-4º



Vivir en Galicia
é unha ledicia.




Alejandra Gómez Valiña. 2º

# A ESCAPADA

Un día dous rapaces: Xoán e Manuel deciden ir a ve-lo mundo, porque xa estaban cansos de estar nas súas casas.

Pola noite, os dous rapaces, baixan pola fiestra. Van camiñando sen ningún rumbo a seguir. Á media hora atópanse con outros rapaces que tamén queren ir con eles. Xoán e Manuel aceptan de seguido

– ¿ Como vos chamades ? – Preguntan os dous rapaces a ver.

–Eu son Xoán e este é o meu irmán Manuel

–Nos somos Alexandro e Iván. ¿A onde ides

– Imos a percorre-lo mundo, se é que non nos pillan no intento os nosos pais.

Seguen camiñando e ó cabo dun rato éntralles fame.

–¿Por qué non facemos unha función na rúa?

–Si Xoán, tes razón –responden os rapaces a ver

A función tivo un gran éxito, conseguen reunir unha morea de cartos. Cos cartos obtidos ca función ademais de comer poderon atopar unha pequena habitación para durmiren os catro xuntos. O día seguinte, á hora de comer, os rapaces van a un pequeno bar, antes de entrar deciden que van tomar todos un filete con patacas.

Cando xa estaban a comer, ven na porta, a un pequeno canciño. Os rapaces gustalles moito Vano buscar para que coma con eles, posto que tiña cara de fame

E deciden poñerlle un nome.
- ¿ Como lle imos chamar?
- ¿Que vos parece Yacki?
- É un nome precioso para un can.
- ¿ Mirácheades se tiña colar? Preguntá Juan con un sorriso na cara.
- Non, e que coa presa olvedóusenos.
- Si, si que ten. Tamén ten un papel nel.
- ¿E que é o que di?
- Espera un pouco, agora cho digo.
- A quen corresponda:
Estimado amigo/a, prégoche que cuides do meu can, posto que a miña nai di que con unha cadela na casa xa chega.
Eu non estou de acordo, pero ben sei que ti os coidar ben de el e poñerllo un bonito nome.
O teu amigo:
Luis
- ¿Que vos parece? ¿quedamos con el?
- Claro ¿por que motivo nono íamos facer?
- Ben, ¿e con que o imos manter?
- Elo, ¿non estamos facendo unha función tódolos días?
- Si, xa non o lembraba.
- Rapaciño ¿gústache o teu novo nome?
- ¡ Guau! - Respondeu Yacki movendo o rabo e lambendolle a cara a Juan, e logo o resto dos rapaces.
- ¿ Canto é a conta?
- Son 3.000 pesetas.
- Moitas gracias, ¡ ata a próxima! - din os catro

# A ESCAPADA

a xunta.

Xa se acercaba a hora de durmir, e os rapaces entráballes sono.

Os rapaces aínda gardaban cartos da función anterior.

Foron a unha pequena pensión nas aforas da cidade de Gaiswaich.

Eran as doce da noite, todos estaban durmidos incluindo a Yacki. Alguén chama a porta e, de súpeto aparece un home cun bate de baisbol na man. Yacki comeza a ladrar, os rapaces despértanse, érguense, van andando despacio cara a porta, sen que os vexa o home, cóllenlle o bate, Yacki mórdelle na perna e deixan o home tumbado no chan. Van correndo a coller unha corda e átano. Chaman á policía, chegan de contado e danlles unha recompensa de 4.000.000 de pesetas, dado que o home era un perigoso ladrón que estaba no cárcere e fuxira. Os rapaces volven as súas casas, porque agora viven todos xuntos, posto que os pais de Alexandro e Manuel morreran e, Yacki segue con eles.

Estrella   María del Mar


SOBRE A MORTE DO BIEITO
RAFAEL DIESTE - guión
JHC - viñetas
COTOCLONG
GLONG
TLONG
Todo comenzou un bo día. As 10:00 da mañá falecía Bieito os 25 anos de IDADE, o falecimento fora por unha intoxicación de coqumelos. Todos estaban moi tristes, especialmente o seu mellor amigo, Oscar...
Sí, home sí A todos lles toca. Ninguen queda aquí...
Está tocando a morto, non?
BAR MALPEPA
Xa No enterro, cando levaban o defunto para o cementerio, Oscar oíu algo...
Toc !!/ Toc Toc
Despois do enterro Oscar non facía mais que pensar naqueles sucesos...
E se Bieito estuvera vivo? Estou seguro de que...
Esta noite irei mirar
...os ruídos viñan da caixa
Xa no cementerio...
¡A Caixa está aberta! ¡Eu marcho!
De repente...
Ahhh!
IIIIIII!
Son o fantasma de Bieito
JA JA JA!
¡Espera tío!
Ahhh! Socorrooo!
¡QUE MALA SORTE TEÑO! SÓ LLE QUERÍA DICIR SE ME INVITABA A UNHA CHIQUITA ANTES DE IRME DAQUÍ PARA SEMPRE. OUTRA VEZ SERÁ CHAO!
FIN

# AS LETRAS GALEGAS

É un día tan importante
para toda-las letras,
as consonantes están moi ledas
coas súas compañeiras as vocais
As unhas sen as outras
pouco farían,
por eso vano a celebrar
con moita alegría.
Invítanse a bailar,
e nós que estamos na escola
temólas que acompañar.
Para celebra-lo
é bonito decir hoxe
"Vive o día das Letras Galegas."

FRAN DE 6º

Cando durmo penso en ti.
Cando estou desperto penso en ti.
Cando estou comendo penso en ti.
Cando vou pola rúa penso en ti.
Cando estou na clase penso en ti.
Cando estou contigo síntome destinto.
Non podo estar sen ti, necesítote.
Volve Cocaína.

Adicado ós drogadictos.

Podes pasar sen ela. ¡ASEGÚROCHO!




J. J. SANLÉS E VANESA 7º

# Tests para alumnos

Algunhas veces preguntámonos se vale a pena ir á escola. Aquí vos poño este test para poder sabelo.

Responde as preguntas con sinceridade. Á final atoparé-la solución. Sorte.

1. ¿Atendes sempre na escola as explicacións do mestre?

A SI B NON

2. ¿Cando che pregunta o mestre despois de explicar sabes responder?

A SI B NON

3. ¿Fas alboroto cando non entra o mestre?

A NON B SI

4. ¿Fa-las tarefas que se che mandan para a casa?

A SI B NON

5. ¿Cando estás na clase falas algunha vez, agás cando se che pregunta?

A NON B SI

6. ¿Es bo compañeiro para os teus compañeiros?

A SI    B NON

7. ¿Lévaste mal cos profesores?

A NON    B SI

9. ¿Cando veñen os exames estudias, ata que teñas un bo dor de cabeza e o saibas todo, non chapado?

A SI    B NON

10. ¿Cando veñen as notas tes polo menos cinco aprobadas, e algún: ben, notable ou sobresaínte.

A SI    B NON

a) Se tes dez preguntas respostas coa A es un estudiante sobresaínte, e aprobara-lo curso con boas notas.

b) Se tes nove preguntas respostas coa A es un estudiante bo.

c) Se tes cinco preguntas respostas coa A es un estudiante regular.

d) Se tes tres preguntas respostas coa A es un mal estudiante.

e) Se non tes nin unha A non che vale a pena ir á escola, e queda na casa.

Vanesa 7º

# Sobre da morte de Bieito

de Rafael Diesta




Teño que ir
O campo santo
Cando chegou...
Aínda está
vivo.
¡RAS, RAS!
Vou a coller isto.
Veu xente e escapou.



VANESA - 7º

# CONSELLOS: MAREOS

Rapaces, rapazas, non é a primeira vez que ides de excursión e devolvedes no autobús, no automóbil, ou no transporte. Algunhas veces as pastillas contra o mareo, ou un chicle poden facer algo, pero aquí tendes uns consellos para cando vaiades de viaxe polo mar ou pola estrada.

No Mar:

Sempre que poidas, queda na cuberta mirando ó horizonte. Mantente alonxado de cheiros a gasóleo e das cociñas. Evita comidas abundantes e con graxa.
Se estás no camarote, déitate boca abaixo e cos ollos pechados.

Na Estrada:

Se é posible mira ó lonxe. Evita ler mentras esteas en movemento. Cando sexa posible, viaxa de día.

Asegúrate de que haxa aire fresco e sen fumes, e coma antes, evita comidas abundantes e con graxa.

Xa sabes, se es algún dos que se marean utiliza algún destes cosellos.

Vanesa Vázquez Fernández 7º

LENDA: Santiago Apóstol En Corrubedo

Fai centos de anos visitou Corrubedo Santiago apóstol.
Cabalgou ata chegar a Fonte do Cabo. Naquela época as pedras eran brandiñas e nada máis tocalas desformábanse.
O cabalo quixo subir e deixou unha pegada do seu pé.
Santiago Apóstol quixo baixar do cabalo e caeulle a espada.
Acamparon alí uns días ata que viron que as, pedras, se ían poñendo duras. Eles marcharon e tódolos anos ían mira-las pegadas ata que morreron.
Agora dende o ano 1800 séguense mirando as pegadas.
Para a xente de Corrubedo é un misterio...



Daniel Franco Santos 7º

LABERINTO: ¿Que camiño deberá seguir a pala para atoparse co pico?



# Refráns da nosa lingua

- A vaca da miña veciña
é mellor ca miña.

- Xogo de mans,
xogo de villáns

- Cando chove e fai Sol,
anda o demo por Fenol
cunha caixa de alfileres
pinchandolle no cu as mulleres.

- As cousas claras,
e o chocolate espeso.

- Polo San Martiño,
mata o porquiño

Marcos Ant. Romay Pérez.

O que non ten mañas, non come castañas.

Home regraneiro
home de pouco diñeiro.

O verán de San Martiño, son tres días máis un pouquiño.

Home faladeiro
Home mentireiro

Mellor que da mazá falar, é dala a provar.

O que de novo non traballa
de vello dorme na palla.

Raposo que moito dorme,
galiña gorda non come.

En xaneiro, reuma; en marzo, catarro; e en maio, outra vez san.

PATRICIA E VANESA 7º

Nacín na auga
na auga me criei
se me pos na auga
eu nela morrerei.

(O sal)

Ten dentes e non ten boca
ten cabeza e non ten pés,
ti que es tan espabilado
¿non adiviñalo que é?

(A sondia)

¿Que animal de bo olfato
caza dentro da casa,
todo curruncho repasa
e lambe, se pode, o prato?

(O gato)

Vanesa - 7º

¿Cal é o instrumento.
Que non ten máis
ca unha corda?

(A campá)

¿Que é, que é?
Primeiro anda a catro
pés, despois en dous,
e logo en tres.
¿Que é?

(O home)

DANIEL FRANCO - 7º

# O VELLO E MAILO TREN.

1º parte




?
¿ Como ?
!
A tía dade ...
cala fillo
Eu quero ir ve-lo tren.
Eu tamen quero ir ve-lo tren.
¡Ahí!
¡PLAS!
¡Non digas bobadas!
Voña muller deixao ir e a súa ilusion.
Bueno, pero non vamos montar en el.
¡ Que ben.
Toma xurso
Para ... o día que imos ve-lo tren
Pepe prepara o carro que imos ve-lo tren.
Cala e fai o que che mandan
¿Que? As mulleres non hai quen as comprenda.
" ¡ Margaritas dixitais, os xaponeses xa non saben que inventar!



FRAN-6º

3 e última parte.






FRAN - 6º

# Plum Cake

Ingredentes (para 8 persoas)

- 250 grs. de fariña.
- 250 grs. de azucre.
- 150 grs de pasas.
- 3 culleradiñas de levadura Royal
- 50 c.c. de leite.
- 250 grs. de manteiga.
- 250 grs de froita confitada.
- 4 ovos.
- 2 copas de ron.
- copa vermú branco.

Pon a remollo as pasas, e a froita a cachiños no ron.
Aparte nun recipiente quente, bati-la manteiga xunto o azucre ata obter unha pasta cremosa. Engade-los ovos un a un, batendo moito a pasta e mezcla a fariña peneirada coa levadura Royal. Toma as pasas e a froita escorrida e o leite. Remóveo ben. Unta un molde coa manteiga e forra o seu interior con papel untado coa manteiga.
Verte a masa e enforna por espacio dunha hora a fogo medio (180°C).

Desmoldéao unha vez frío.

Vanesa Vázquez Fernández 7º

# PASTEL DE MAZÁ

## INGREDENTES

- 200 gr. fariña de trigo
- 200 gr. azucre.
- 200 gr. manteiga.
- 1/2 sobre de levadura Potax.
- 4 ovos.
- 3 mazás.

- Bate os ovos co azucre e a manteiga rebrandecida. Añade a fariña tamizada coa levadura Potax e mezcla ben. Coloca a mezcla nunha bandexa de forno plana untada con aceite ou manteiga. Pela as mazás, córtaas a cachos finos e vainas colocando sobre a pasta.
- Empolvorea co azucre, introdúceo no forno (temperatura moderada) uns 40 minutos aproximadamente, ata que as mazás estean cocidas.

Vanesa Vázquez Fernández 7º


¡MOSQUIS!
Mira, mira
Aí vai Dumbo.
¿
Non muller.
É unha torre.
Mira
unha espiga
Para que
se me me-
teu un
mosquito
non ollo.
Psspss
Psspsss
Ppssspss
¿Que
queredes?
CLUB MOSQUIS
Afíliate.
¿Cariño cando cobras?
Fimm
fimm
"Sou ante o
perigo."
Aspirina esferveseente
E a
min.
Encántame
os iacu-
zzis.
Sempre
acabamos
mal.
Si.
INRI

# Chiste

–¡Pepito! ¡Pepito!

–¿Que?

–¿Vas me a buscar pegamento?

–Non

–Mira que che pego.

–Non me podes pegar, porque non tes pegamento

Sara Pérez González 2º



PASATEMPOS




Adiviña a frase incógnita reunindo as primeiras letras das palabras correspondentes de cada debuxo.



# Pasatempos

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| D | I | E | S | T | E | R | S | A | C |
| G | R | E | H | F | D | E | O | Q | U |
| J | K | O | N | R | C | H | A | P | N |
| I | J | B | S | A | C | S | L | O | Q |
| U | R | E | I | A | O | T | E | O | U |
| A | B | S | T | R | L | E | T | N | E |
| U | R | O | U | M | S | T | S | K | I |
| H | C | E | S | A | U | R | A | V | R |
| T | I | O | U | B | N | C | C | Z | O |
| Q | A | D | F | E | O | X | E | L | M |









Beatriz Ageitos Alonso

# ◄ DAMERO ►

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | 2 ► | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 ► |
| 11 | 12 | 13 ► | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 ► |
| 21 | 22 ► | 23 | 24 ► | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 ► | 30 |
| 31 | 32 | 33 | 34 | 35 | 36 | 37 ► | 38 ► | 39 ► | 40 ► |

__ __ __ __ (31 18 27 4) — Órgano da vista.

__ __ __ (3 12 36) — Mirar.

__ __ __ __ __ (25 14 15 6 35) — Celebración.

__ __ __ __ __ __ (32 21 16 28 34 19) — Folla da flor.

__ __ __ __ (5 23 11 1) — Ningunha cousa.

__ __ __ __ (17 8 9 26) — Pensamento.

__ __ __ (30 33 7) — Cada un dos dentes dun peite.

Conxunto: Obra de Rafael Dieste.

## Xeroglíficos

Nota

Estudiante de 8º +R

¿A que se dedica?




A femia do caracol ---





Busca 10 ERROS.

Busca cinco países europeos.

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| E | V | A | N | O | F | N | A |
| E | S | O | I | S | R | A | L |
| R | S | P | N | R | A | B | E |
| T | S | P | A | T | N | C | M |
| L | T | X | A | Ñ | C | S | A |
| M | R | T | T | Ñ | I | U | N |
| Ñ | Q | R | U | I | A | I | I |
| O | M | S | V | N | M | Z | A |
| P | O | R | T | U | G | A | L |

Roberto Canibe Argibay
5º

Busca cinco animais de granxa.

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| C | L | M | D | I | A | T | G | S | P |
| A | U | H | M | L | B | R | A | T | O |
| N | R | D | L | P | Ñ | O | L | U | R |
| L | N | E | S | Q | R | S | O | V | C |
| O | V | S | V | N | T | A | O | N | O |
| O | F | T | T | A | U | N | O | U | R |
| B | H | O | S | B | C | O | O | S | D |
| N | G | A | L | I | Ñ | A | T | Q | N |
| O | L | M | N | P | O | Q | P | T | S |

Roberto Canibe Argibay 5º

SE QUERES ALGO FORTE ...




... FUMA PITILLOS NIKE ...




... CALZA BOTAS LUCKIE STRIKE
E CALZÓNS ABANDONADOS






ANDRÉS REINO 7º

# Horroroscopo

Aries.- Saúde: No primeiro semiciclo desta tempada, xa o sabes, usa a gomiña porque se non te e a túa parella vanse coa enfermidade.
Diñeiro. ¡Que é iso!.???, dende fai unha tempada non ves nin chica.
Amor: Fai todo o que queiras mentres te deixen. Se o teu noivo/a non comprende que queiras, insiste. Chegará a entendelo.
A túa semana de felicidade será: O segundo plenilunio do 3º mes.

Tauro.- Saúde: As gripes ¡Achuá! están á orde do día. Coidado, vai á misa tódolos Domingos. Os sete días collerás outra.
Diñeiro: Pensa que a túa cornamenta non é para atracar bancos...
Amor. ¡Que eses cornos non están só de adorno!; así que xa sabes...
A túa semana de ledicia será: A semana de San Fermín.

Xéminis. Saúde: Vala a compartir amigo.
Diñeiro: San Caldeiriño non está contigo.
Amor: Non só de pagas vive a muller...
A túa semana de fatídica: Cando Xúpiter contacte coa Terra.

Cáncer.- Saúde: Vaite operar.
Diñeiro: As túas tenazas están listas para o que sexa...
Amor. Os afectados por este signo pegádesvos como unha enfermidade.

Leo.- Saúde: Tes unha saúde de león.
Diñeiro: Gañarás moitos cartos coa túa película.- (The Lion king)
Amor: Ligarás como un león, non so aproveites os ruxidos.
A túa semana salvaxe: O París-Dakar está moi perto...

Virgo.- Saúde: Se non o usas terás que operarte.
Diñeiro: Estarás riquiño, pero non de cartos...
Amor. Os Virgo sodes moi cariñosos coa vosa parella.
A túa semana de desvirgo: Será o día que o perdas.

Libra.- Saúde: A túa saúde está equilibrada.
Diñeiro: A balanza está do teu lado.
Amor: A túa noivo/a non estará ausenente.
A túa semana compensada: Terceira semana do terceiro mes, do terceiro ano.

Escorpión.- Saúde: Non te envenenes co teu propio rabo.
Diñeiro: Tes cinco pavos para a máquina??
Amor: Ter un rabo tan sexi non é so o único atractivo que tes, utiliza a boca.
A túa semana picante: Cando piques a alguén.

Saxitario.- Saúde: A túa saúde irá a trotes.
Diñeiro: Poderás gañar cartos nas carreiras de cabalos.
Amor: Un admirador/a secreto/a intentará domarte.
A túa semana cabalgada: Do 15 ó 4.

Capricornio.- Saúde: Vexa composición, non paces de ir ó psiquiatra.
Diñeiro: Non tes nin chica.
Amor: Ser o cabrito é un dos papeis que che encantan.
A túa semana máis tola: Cando despertes oíndo a canción de Duncan Du.

Acuario.- Saúde: Os ataques de reuma é o que mais che afecta.
Diñeiro: Cando o veras daraohe un ataque.
Amor: Non te conformes cos pequenos.
A túa semana mais húmida: Xullo e Agosto.

Piscis.- Saúde: Coidado cos Acuarios.
Diñeiro: A túa economía será boa se non deixas de roubar supermercados.
Amor: Se non picas en ningún anzo, poidelo pescar ti.
A túa semana mais movida: A festa de San Boca de Lorcha.

ANÓNIMO

# CHISTE

Este é un home que colecciona cromos de putas, e quérese confesar.
Chega a xunto do sacerdote e cóntallo.

E dille o sacerdote
¿ Tela 42?



ALFONSO - 7º




RAFAEL DIESTE




Fátima García López 2º